



**PLANO DE ACCION TUTORIAL  
FACULDADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E DA EDUCACIÓN FÍSICA  
CURSO 2018/2019**



**PLANO DE ACCION TUTORIAL  
FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E DA EDUCACIÓN FÍSICA  
CURSO 2018/2019**

**CONTEXTUALIZACIÓN**

**Centro:** Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física

**Titulación:** Grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte

**Cursos:** 1º, 2º, 3º e 4º do Grao (1º e 2º tutorización grupo e individual, 3º e 4º por áreas de especialización: rendemento, docencia, saúde e xestión deportiva, e incluíndo áreas transversais, os Estudos de Master e o Doutoramento).

A plena incorporación dos estudos universitarios ao modelo Europeo de Ensinanza Superior ha introducido cambios importantes na forma de ensinar e aprender na Universidade. Isto representa unha transformación nos roles e actitudes do profesorado e do alumnado que pasan de ser transmisores de coñecementos a formadores e orientadores, e de ser axentes pasivos a protagonistas dos seus aprendizaxes e desenvolvemento de competencias profesionais.

A organización do modelo docente vese afectada en finalidades e metodoloxías do proceso de ensinanza - aprendizaxe, adquirindo especial relevancia a capacidade de traballo autónomo e a configuración dun perfil de competencia adecuado a sociedade do coñecemento e ao mercado laboral.

Baixo este prisma, toma relevancia a acción tutorial que canaliza a orientación e formación persoal, académica e profesional do futuro graduado/a.

Esta acción tutorial promovida dende o PAT dependente da Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías da UDC, faise extensible as diferentes Facultades da UDC, e materialízase nos programas de PAT particulares adecuados aos contextos e as necesidades dos centros.

Dende o ano 2009, no que se inicia a plena incorporación nos catro cursos dos estudos de Grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, na Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física promóvense diferentes planos de acción tutorial que por diversos motivos non alcanzan a cubrir as necesidades as que este tipo de planos diríxense. Es por elo, que no curso 2013/2014 promoveuse á elaboración dun novo modelo ou Plano de Acción Tutorial que, aproveitando a estabilidade da plántella do profesorado e a alta especialización profesional, favoreceu a orientación persoal, a formación académica complementaria e a orientación futura laboral dos estudantes. Este modelo mantense ata actualidade pero introducindo algúns cambios a partir das evidencias dos cursos anteriores.

Cara o curso 2018/2019 faise necesario abordar cuestións académicas identificadas nos informes de Garantía de Calidade do título e na información obtida nos diferentes indicadores avaliados nas edicións previas. Aínda que non supoñen un cambio de modelo ou da estrutura,



si que representan a incorporación de novos obxectivos e actividades que melloren aspectos académicos identificados como debilidades no centro.

## ANÁLISIS DE NECESIDADES

As necesidades dun PAT na facultade no momento actual derívanse dunha serie de aspectos vinculados a integración dos estudos no Espazo Europeo de Educación Superior, a situación xeográfica da facultade fora do campus central e as peculiaridades dos estudos en actividade física, deporte e educación física.

Por outra banda, o perfil dos estudantes, tanto a súa procedencia xeográfica, una alta masculinización con baixa presenza feminina nos estudos, o nivel académico co que acceden ao grao e a experiencia deportiva previa, determinan a necesidade de propoñer accións que favorezan a integración no conxunto da comunidade e na busca da excelencia académica.

Outro factor importante é o elevado número de estudantes que participan nos procesos de intercambio e mobilidade internacional e nacional, que demandan asesoramento e orientación académica personalizada ao longo de toda a mobilidade.

Faise necesario, atender en particular a dinámica académica dos estudantes do 3º curso do grao. Neste curso as materias prácticas redúcense a dúas, moitos alumnos/as teñen materias pendentes doutros anos e hai unha gran variabilidade no número de estudantes por grupo dada a elevada mobilidade. En xeral é o curso que peor valora os estudos, tal e como recollen as enquisas de seguimento do título,

As posibilidades de especialización profesional en catro áreas: educación, rendemento, saúde e xestión, e o desenrolo do Prácticum e TFG nestas áreas esixe o asesoramento de profesorado experto e coñecedor en profundidade destes ámbitos de intervención.

Todo o exposto, xunto as evidencias recollidas nos formularios dos/as tutores/as do curso 2016/2017, implica que o PAT da Facultade debe contribuír nas seguintes áreas:

- Inserción e acollemento do estudante na Facultade
- Atención a alumnos/as con necesidades especiais
- Asesoramento personalizado ao alumno/a, académico e de funcionamento da vida universitaria na UDC.
- Formación complementaria que favoreza o aproveitamento de recursos e técnicas para o estudo e a aprendizaxe autónoma.
- Orientación profesional nas diferentes oportunidades no contexto académico e laboral.
- Asesoramento persoal e académico nos procesos de mobilidade.
- Orientación e asesoramento no programa de doutorado.
- Orientación en áreas transversais como o xénero, a diversidade e a investigación.



## METAS DO PAT

- Acoller na UDC dun modo máis persoal cada alumna/o.
- Orientar académica e profesionalmente.
- Acompañar ao alumnado no proceso de aprendizaxe durante a súa formación.
- Mediar nas relacións problemáticas que se poden dar puntualmente entre alumnos/as ou cun profesor/a.
- Axudar no ámbito persoal, sempre que for necesario e o problema se puiden abordar; de non ser así, remitilo a outros servizos.

## OBXECTIVOS CONCRETOS

- Distribuír as tarefas en informativas (responsabilidade dos titores) e formativas (responsabilidade do Decanato)
- Recibir ao novo alumnado cunha semana de acollida que ademais das presentacións oficiais incorpore: asemblea de estudantes, primeiras reunións cos titores dos grupos, conferencias e dinámicas grupais.
- Visibilizar o PAT na Facultade a través de paneis que recollan a información básica e os mecanismos de contacto cos titores.
- Proporcionar titores por curso e grupo en 1º do Grao.
- Realizar tres reunións anuais dos titores de 1º e 2º con cada grupo destes cursos do grao: novembro, febreiro e abril.
- Proporcionar orientación académica e persoal ao alumnado do grao ao longo dos catro cursos, dando continuidade a acción tutorial e centrar a titoría en 3º e 4º por áreas de especialización e profesionais propias.
- Atender as necesidades especiais identificadas no curso de 3º a través de reunións coa coordinadora que melloren a dinámica académica deste curso
- Proporcionar tutorización por áreas de especialización facilitando o desenvolvemento de Prácticums e Traballos Fin de Grao.
- Proporcionar atención a diversidade
- Proporcionar asesoramento en áreas transversais como o Xénero e a Investigación
- Fomentar e promover a participación do alumnado ao longo dos catro cursos do grao.
- Elaborar un Plano de Formación Académica Complementaria. Ofertar actividades formativas que de xeito específico respondan as necesidades do alumnado nos diferentes momentos do grao e programarllas atendendo as cargas avaliativas dos períodos académicos.
- Certificar ao alumnado na participación das actividades de formación planificadas ao respecto.
- Elaborar un plan de orientación profesional. Ofertar actividades de orientación profesional acorde as circunstancias da continuidade de estudos e de intervención profesional.
- Fomentar dende o PAT a análise e definición do perfil de competencias do alumnado o longo da carreira.



- Asesorar o alumnado nas tomas de decisión nos procesos de mobilidade: elección do destino, elaboración do contrato de estudos, duración da estancia, e trámites de documentación.
- Asesorar os doutorandos nas tomas de decisión na elaboración dos materiais de investigación e no desenrolo das actividades do programa conducentes a incrementar a produción científica e a elaboración da tese doutoral.
- Aumentar o número de profesorado titor, e o compromiso co programa.
- Propor mecanismos que permitan de xeito interno na Facultade o recoñecemento ao profesorado no seu labor de orientación e acompañamento, ademais dos oficiais da UDC.

## CONTIDOS

- Tutorización por grupo e curso: académica e persoal
- Tutorización individualizada: académica e persoal
- Atención a diversidade (ADI), ao xénero e a sustentabilidade
- Formación académica complementaria
- Orientación profesional
- Asesoramento en mobilidade
- Asesoramento en continuación de estudos universitarios
- Asesoramento no curso de doutorado

## RECURSOS

Humanos: profesorado comprometido co plano

Materiais: as instalacións e servizos da Facultade e da UDC

**PROFESORADO TITOR PARA O CURSO 2017/2018****TUTORES/AS DO GRAO*****PRIMER CURSO DO GRAO***

1ºA: Belén Toja. [toja@udc.es](mailto:toja@udc.es)

1ºB: José Palacios. [palacios@udc.es](mailto:palacios@udc.es)

1ºC: Miguel González. [maglez@udc.es](mailto:maglez@udc.es)

1ºD: Cristina López Villar. [cristinalopezv@udc.es](mailto:cristinalopezv@udc.es)

1ºE: José Andrés Sánchez. [jasanmol@udc.es](mailto:jasanmol@udc.es)

1º F: Juan Carlos Vázquez. [lazo@udc.es](mailto:lazo@udc.es)

***SEGUNDO CURSO DO GRAO (tutores que continúan con los grupos del curso pasado)***

2ºA: Elena Sierra [elena.sierra@udc.es](mailto:elena.sierra@udc.es)

2ºB: Manolo Giráldez. [magirald@udc.es](mailto:magirald@udc.es)

2ºC: Cristina López Villar. [cristinalopezv@udc.es](mailto:cristinalopezv@udc.es)

2ºD: José Manuel Cardesín. [jmcardesin@udc.es](mailto:jmcardesin@udc.es)

2ºE: María Castillo. [castillo@udc.es](mailto:castillo@udc.es)

2º F: Pablo Arias. [pabloarias@udc.es](mailto:pabloarias@udc.es)

***TERCEIRO E CUARTO CURSOS DO GRAO*****Área de Educación:**

Miguel González. [maglez@udc.es](mailto:maglez@udc.es)

Belén Toja. [toja@udc.es](mailto:toja@udc.es)

Celso Carrera. [celsocar@udc.es](mailto:celsocar@udc.es)

Carmen Alsina. [malsina@udc.es](mailto:malsina@udc.es)

**Área de Rendemento:**

Ángel Vales. [avales@udc.es](mailto:avales@udc.es)

José Andrés Sánchez Molina. [jasanmol@udc.es](mailto:jasanmol@udc.es)

Manuel Pombo [Pombo@udc.es](mailto:Pombo@udc.es)

**Área de Saúde:**

María Castillo. [castillo@udc.es](mailto:castillo@udc.es)



Joaquina Valverde. [quina@udc.es](mailto:quina@udc.es)

Ramón Barral. [barralav@udc.es](mailto:barralav@udc.es)

Carlos Agrasar. [agracruz@udc.es](mailto:agracruz@udc.es)

**Área de Xestión:**

Elena Sierra. [lesi@udc.es](mailto:lesi@udc.es)

María José Mosquera: [mariajo@udc.es](mailto:mariajo@udc.es)

**Área Transversal Investigación:**

Miguel Saavedra: [miguel.saavedra@udc.es](mailto:miguel.saavedra@udc.es)

**Área Transversal Xénero:**

María José Mosquera: [mariajo@udc.es](mailto:mariajo@udc.es)

Cristina López Villar: [cristinalopezv@udc.es](mailto:cristinalopezv@udc.es)

**TUTORES/AS DO MASTER**

Juan Carlos Vázquez. [lazo@udc.es](mailto:lazo@udc.es)

Miguel González. [maglez@udc.es](mailto:maglez@udc.es)

Eliseo Iglesias. [eliseo@udc.es](mailto:eliseo@udc.es)

**TUTORES/AS DOUTORADO**

Eliseo Iglesias. [eliseo@udc.es](mailto:eliseo@udc.es)

José Andrés Sánchez. [jasanmol@udc.es](mailto:jasanmol@udc.es)

**TUTORES/AS MOBILIDADE**

María Castillo Obeso [castillo@udc.es](mailto:castillo@udc.es)

José Luis Tuimil López [tuimillo@udc.es](mailto:tuimillo@udc.es)

Elena Sierra Palmeiro [lesi@udc.es](mailto:lesi@udc.es)

Luis Morenilla Burlo [luis.morenilla@udc.es](mailto:luis.morenilla@udc.es)

José Andrés Sánchez Molina [jasanmol@udc.es](mailto:jasanmol@udc.es)

Eliseo Iglesias Soler [eliseo@udc.es](mailto:eliseo@udc.es)

Miguel González Valeiro [maglez@udc.es](mailto:maglez@udc.es)

Belén Toja Reboredo [taja@udc.es](mailto:taja@udc.es)



Juan Carlos Vázquez Lazo [lazo@udc.es](mailto:lazo@udc.es)

Joaquín Gómez Varela [joaquin.gomez.varela@udc.es](mailto:joaquin.gomez.varela@udc.es)

Marta Bobo Arce [marta.bobo@udc.es](mailto:marta.bobo@udc.es)

### **TUTORES/AS ATENCIÓN A DIVERSIDADE (ADI)**

Marta Bobo [marta.bobo@udc.es](mailto:marta.bobo@udc.es)





## INFORMACIÓN BÁSICAS









### **INFORMACIÓN SOBRE O PAT:**

Coordinadora: [marta.bobo@udc.es](mailto:marta.bobo@udc.es) (ext.4008)

Página web da UDC: <http://www.udc.es/cufie/PAT/udc.html>

Página web da Facultade: <http://inefg.udc.es/index.php/estudiantes>

### **UdC SAUDABLE**

-  [FEAFES-SAÚDE MENTAL, xuño 2018.jpg](#)
-  [FEAFES-SAÚDE MENTAL, xuño 2018.pdf](#)
-  [Nin + Nin - Información de drogas.pdf](#)
-  [Nin + Nin -, Adiccións, Cruz Vermella, xuño 201...](#)
-  [Nin + Nin -, Adiccións, Cruz Vermella, xuño 201...](#)
-  [Punto Q + UDC, xuño 2018.jpg](#)
-  [Punto Q + UDC, xuño 2018.pdf](#)
-  [Punto Quérote + UDC.pdf](#)

<b>GUÍA BÁSICA DE ORIENTACIÓN (PAT)</b>	
<b>ORIENTACIÓN A SITUACIÓN FRECUENTES DO ALUMNADO</b>	
<b>SITUACIÓN ALUMNADO</b>	<b>ACTUACIÓN/RESPOSTAS POSIBLES</b>
Lesión Enfermidade transitoria Enfermidade crónica	1. O/a alumno/a comunica ao seu/súa titor/a o seu problema (axuntando copia do informe médico). 2. O/a titor/a remitirá a información aos coordinadores do curso que valorarán a situación.
Dificultades de expresión oral ou escrita, necesidade de técnicas de estudo, idiomas, etc.	Remitilo ao coordinador/a para utilizar a oferta da Facultade e ao CUFIE <a href="http://www.udc.es/cufie/">http://www.udc.es/cufie/</a> para beneficiarse do <b>Plano de Apoio á Aprendizaxe</b> Orientado a favorecer a mellora e desenvolvemento das competencias do alumnado. Con este fin marcamos os obxectivos que se describen a continuación: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Proporcionar os recursos necesarios para afrontar os retos do novo ensino universitario.</li> <li>• Integración ao alumnado no Espazo Europeo de Educación Superior.</li> <li>• Favorecer a reflexión e a autocrítica para potenciar o procesos de ensino-aprendizaxe.</li> <li>• Integrar as TIC no proceso de aprendizaxe.</li> <li>• Desenvolver hábitos e estratexias de coidado e saúde.</li> </ul>
Problemas psicolóxicos	O/a docente que titoriza valorará xunto á persoa que ten o problema se é preciso comunicalo aos coordinadores de curso e a coordinadora do PAT para atopar respostas e adaptacións específicas. Convenio con FEAFES a través do Programa Universidade Saudable
Incompatibilidade xornada laboral cos estudos	Normativa da UDC sobre a temática Orientar cara unha boa selección das materias a cursar compatibles cos seus horarios laborais. Posibilidade matrícula parcial. Revisar os requisitos de avaliación das guías docentes das materias nas que decida matricularse.
Incompatibilidade (deportistas elite) da	Orientar cara unha boa selección das materias

xornada de adestramento cos estudos	a cursar compatibles cos seus horarios deportivos. Revisar os requisitos de avaliación nas guías docentes das materias nas que decida matricularse.
Problemas co uso da plataforma Moodle	Remitir ao seguinte servizo: Consultas e incidencias técnicas: Tel. 981 16 70 00 - Ext. 2222 e-mail: <a href="mailto:sic@udc.es">sic@udc.es</a> <a href="https://campusvirtual.udc.es/moodle/">https://campusvirtual.udc.es/moodle/</a>
Discrepancias cun docente dunha materia en concreto	Invitar ao/á alumno/a a que primeiro fale directamente co/ca docente en cuestión. Se non se solucionase pódese remitir a información ás persoas encargadas da coordinación do curso para atopar o medio máis idóneo de xestión do conflito.
Situación persoal de circunstancias adversas sobrevidas	Falar directamente coa Coordinadora do PAT na Facultade para xestionar as posibles alternativas ou axudas a situación.
<b>SITUACIÓN DE GRUPO</b>	<b>ACTUACIÓN/RESPOSTAS POSIBLES</b>
Horarios de clase con horas libres intermedias.	Os horarios aprobados polo Xunta de Centro son definitivos. Insistir na utilidade das horas libres para traballar en grupo ou acudir á biblioteca, etc.
Discrepancias cun profesor/a dunha materia en concreto	Invitar ao representante do alumnado a que primeiro fale directamente co/ca docente en cuestión. Se non se solucionase pódese remitir a información aos coordinadores de curso.